

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0617	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0617_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74
MP0617_12	Prevención de riscos laborais	2022/2023	4	45	54

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL PILAR GONZÁLEZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade universal e ao deseño para todos.
- Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaces de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

A formación do módulo contribúe, tamén, a alcanzar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:

- Comunicarse cos seus iguais, cos superiores, coa clientela e coas persoas baixo a súa responsabilidade utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo información e coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do traballo propio e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, e participar activamente na vida económica, social e cultural.

As persoas que obteñan este título prevese que vaian exercer a súa actividade en empresas ou entidades públicas ou privadas, por conta allea ou por conta propia, e desempeñar o seu traballo na área de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web (intranet, extranet e internet), sendo as ocupacións e os postos de traballo máis salientables:

- Programador/a web.
- Programador/a multimedia.
- Desenvolvedor/a de aplicacións en contornos web.

Para alcanzar os obxectivos do módulo, as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe versarán sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector informático e das comunicacións.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector informático e das comunicacións a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector informático e das comunicacións.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

Dese modo, no módulo profesional de Formación e orientación laboral preténdese achegar ao alumnado a formación necesaria para que poida inserirse no mercado laboral e desenvolver a súa carreira profesional no sector da informática, en particular na área de desenvolvemento de aplicacións relacionadas con contornos web.

En calquera caso, o cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e nos procedementos administrativos utilizados polas empresas esixen, por parte destas persoas, unha actualización constante e actitudes favorables cara a aprendizaxe ao longo da vida, cara a autoformación e cara a responsabilidade. Razón pola cal o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación se terá en conta no deseño das tarefas encomendadas ao alumnado deste módulo.

Por outro lado, a crecente competitividade no mundo empresarial esixe, así mesmo, profesionais capaces de desenvolver a súa actividade nun ámbito de xestión de calidade, no que adquiren particular relevancia a seguridade, a hixiene e o respecto polo ambiente. Razón pola cal se traballará sobre estes aspectos.

Tamén se debe contribuír desde este módulo ao fomento dunha cultura preventiva que lle permita ao alumnado ter unha visión clara da relación entre o traballo e a saúde, buscándose a identificación dos factores de risco laboral, para poderse anticipar aos posibles danos que se poidan sufrir.

Ademais, a formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, nunha unidade formativa específica, aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais propias das actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

A programación do módulo de FOL, en fin, concreta e adapta o currículo do módulo ao contorno socioeconómico da comarca da Terra de Lemos, onde a maior parte das empresas son pequenas ou medianas; e ten en conta, tamén, as características do alumnado.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Regulación do traballo sometido ao dereito laboral.	Ámbito de aplicación, fontes e principios do dereito laboral. Dereitos e deberes laborais. Administración laboral e orde xurisdiccional social.	10	8
2	O contrato de traballo.	Elementos esenciais do contrato de traballo. Modalidades contractuais e medidas para o fomento da contratación.	9	7
3	Principais condicións de traballo.	Funcións, tempo de traballo e retribución.	11	9
4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	Situacións de modificación, de suspensión e de extinción da relación laboral.	9	7
5	As relacións laborais colectivas.	Representación dos traballadores e dos empresarios. Proceso de negociación colectiva e conflitos colectivos de traballo.	5	4
6	A Seguridade Social e as prestacións de seguridade social.	Dereito á seguridade social. Estrutura e funcionamento da Seguridade Social e prestacións contributivas do sistema.	13	11
7	Equipos de traballo.	Os equipos de traballo: vantaxes e eficacia.	5	4
8	O mercado laboral e a procura de emprego.	Itinerario profesional e inserción laboral.	12	10
9	Traballo e saúde. Os riscos laborais	Dereitos e obrigas en materia de seguridade e saúde laboral. Avaliación as situacións de risco cos que se pode atopar no posto de traballo	27	20
10	A prevención na empresa e a actuación en caso de emerxencia	Análise do plan de prevención .Medidas de prevención e de protección e como actuar ante unha emerxencia	27	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Regulación do traballo sometido ao dereito laboral.	10

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Ámbito de aplicación do dereito laboral.
Fontes do dereito do traballo.
Principios de aplicación do dereito laboral.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Administración laboral.
Orde xurisdiccional social.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Dereitos e deberes laborais básicos.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O contrato de traballo.	9

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.4.1 Analizáronse as principais modalidades de contratación.
CA2.4.2 Identifícanse as medidas de fomento da contratación.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise da relación laboral individual.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Modalidades de contratos de traballo.
Medidas de fomento da contratación.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Principais condicións de traballo.	11

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.6.1 Determináronse as condicións de traballo no sector, no relativo á clasificación e promoción profesional.
CA2.6.2 Determináronse as condicións de traballo no sector, no relativo á xornada, descansos, vacacións, licenzas, permisos e excedencias.
CA2.6.3 Determináronse as condicións de traballo no sector, no relativo ás retribucións.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
<b>Funcións.</b>
<b>Xornada: xornada ordinaria, horas extraordinarias e complementarias, descansos, vacacións e permisos.</b>
<b>Retribución.</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	9

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.9.1 Identifícanse as causas e os efectos da modificación da relación laboral.
CA2.9.2 Identifícanse as causas e os efectos da suspensión da relación laboral.
CA2.9.3 Identifícanse as causas e os efectos da extinción da relación laboral.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
Modificación das condicións de traballo.
Suspensión da relación laboral.
Extinción do contrato de traballo.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	As relacións laborais colectivas.	5

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.13 Recoñeceuse o valor representativo das organizacións sociais sindicais e empresariais, e describiuse como se desenvolve o proceso de negociación colectiva.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
0 Representación das persoas traballadoras na empresa.  0 Representación unitaria: delegados de persoal e comités de empresa.  0 Representación sindical: delegados sindicais.  Conflitos colectivos.  Acordos sobre procedementos extraxudiciais para a solución de conflitos colectivos de traballo.  Procedemento administrativo para a solución de conflitos colectivos de traballo.  Resolución xudicial de conflitos colectivos de traballo.  Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.  Vixencia do convenio  Eficacia do convenio colectivo.  Ámbito de aplicación do convenio colectivo.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	A Seguridade Social e as prestacións de seguridade social.	13

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.2.1 Delimitouse a estrutura do sistema de seguranza social.
CA3.2.2 Delimitouse o funcionamento do sistema de seguranza social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.
Atención sanitaria, farmacéutica e rehabilitadora.
Prestación por incapacidade temporal.
Prestacións asociadas á maternidade e á paternidade.
Prestacións por discapacidade, morte e supervivencia.
Xubilación.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Equipos de traballo.	5

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector informático e das comunicacións segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	O mercado laboral e a procura de emprego.	12

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Traballo e saúde. Os riscos laborais	27

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector informático e das comunicacións.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector informático e das comunicacións.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo real ou simulado relacionado co sector de actividade.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

**Contidos**

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector informático e das comunicacións en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector informático e das comunicacións.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	A prevención na empresa e a actuación en caso de emerxencia	27

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.

**Contidos**

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES POR UNIDADE DIDÁCTICA

Serán mínimos exigibles os que se relacionan no apartado 4 c) para cada Criterio de Avaliación.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase de forma continua e personalizada.

A valoración dos aprendizaxes dos/as alumnos/as farase tomando como referencia os criterios que anteceden nesta programación

O alumnado será avaliado nas tres avaliacións establecidas, coincidindo normalmente, cas datas fixadas polo centro.

O instrumentos de avaliación que vou empregar son:

1. Probas escritas ( pode ser exames escritos, cuestionarios, traballos de investigación, exercicios de resolución práctica ou de cálculo, etc....) Estas probas escritas constarán de unha ou varias preguntas. En cada proba indícarase o valor da mesma;
2. Táboas de observación.

A cualificación de cada avaliación será unha nota numérica entre 1 e 10.

O existir tres avaliacións parciais: primeira, segunda e terceira , haberán 3 cualificacións provisionais, unha por avaliación.

En cada avaliación, avalíanse as unidades didácticas completadas que procedan, tendo en conta:

- Cada U.D. ponderará en función do peso que ten asignado na programación, axustado de forma que o de cada avaliación acade o 100%. Para aprobar unha avaliación parcial provisional ten que ser NA1 maior ou igual a 5; NA2 maior ou igual a 5; NA3 maior ou igual a 5, que, no caso de que se cumpra, pasará de provisional a definitiva.

-Para cada avaliación provisional suspensa establececese a súa correspondente recuperación. A cualificación de recuperación corresponde á cualificación da proba escrita de recuperación.

O longo do curso haberá tres posibles recuperacións con cualificación NR1, NR2 e NR3.

Entenderase aprobada a recuperación si NR1 maior ou igual a 5; NR2 maior ou igual a 5; NR3 maior ou igual a 5, cualificación que pasará a definitiva da avaliación parcial.

Para o alumnado non presentado a unha recuperación, a cualificación da avaliación parcial provisional pasará a ser definitiva.

Realizada a recuperación dunha avaliación parcial, a cualificación definitiva da mesma será sempre a obtida na recuperación. Chamaremos N1, N2 e N3 as cualificacións definitivas das respectivas avaliacións parciais.

Si hai alumnos aprobados na avaliación que se presentan a subir nota na recuperación, quedaralle a nota do exame da recuperación ( aínda que sexa inferior o do exame da avaliación na que estaba aprobado).

A nota da terceira avaliación parcial para os alumnos que teñen todo módulo aprobado calcúlase coa media das notas de todas as avaliacións , xa que nos di a norma que nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial : Calcúlase por:  $NF1 = (N1*\%peso + N2*\%peso + N3*\% peso)$  Este % peso está reflexado na programación en cada UD, entón sumamos as % das unidades que se impartiron nesa avaliación e multiplicamos pola nota que se tiña nesa avaliación, e nas outras igual. Para aprobar debe ser NF1 maior ou igual a 5.

Entre a terceira avaliación e a avaliación final de módulos de curso deixarase un período destinado á realización de actividades de recuperación das partes pendentes. Neste caso elaborase un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das actividades de recuperación, o contido deste informe é o recollido na norma que o regula.

Probas para mellora da cualificación:

Cando algún alumno teña unha nota superior a 9 na terceira avaliación calculada como se indicou no apartado anterior( sen facer o redondeo, e dicir, con 8,99 non se faría) daráselle a posibilidade, se o profesor o estima oportuno, de facer unha proba escrita para subir a nota ata un 10.

Avaliación final de módulos:

-A cualificación definitiva da avaliación final ordinaria para os alumnos que teñen o módulo aprobado cando se fai a 3ª avaliación, a nota coincidirá coa da terceira avaliación , calculada esta nota como se indicou anteriormente.

-Se isto non é así, para superalo módulo ten que facer, e aprobar, a proba da materia suspensa no curso durante o período das actividades de recuperación. Elaborarase informe individualizado co contido que especifica a norma. Neste caso a cualificación final ordinaria sería  $NF2 = EF$  , onde EF corresponde a cualificación obtida no exame final. Para aprobar é necesario que  $NF2$  maior ou igual a 5. No caso de que teña algunha avaliación aprobada faise media con esa avaliación ou exame aprobado.(Tamén teremos en conta a % de peso das UD, como se indicou anteriormente).

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

-si nunha avaliación se fai mais dunha proba , a nota das mesmas debe ser como mínimo 4 para poder facer media entre ambos. Se non chega a 4 nalgunha proba, a avaliación considerase suspensa cunha nota máxima de 4 puntos.

Tratamento dos decimais:

O cálculo das cualificacións realizarase sempre con dous decimais, que se arrastrarán en tódalas operacións implicadas, axustando as milésimas ás centésimas mais próximas por defecto ou por exceso, salvo no caso de que equidistaran de dúas centésimas consecutivas no cal se aplicará a superior. Sen embargo, na atribución dunha cualificación a unha avaliación ou recuperación do tipo que sexa, sempre se fará mediante un número enteiro, para o cal o decimal resultante do cálculo descrito no parágrafo anterior axustarase ó enteiro mais próximo por defecto ou exceso; se temos decimais por debaixo de 0,50 poñemos o enteiro inferior, e se temos decimais maiores ou iguais a 0,50 collemos o enteiro superior.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS:

Ao alumnado que non supere algunha avaliación parcial, daránselle as orientacións e apoios necesarios co fin de que poida superala, tendo en conta para iso os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva.

- As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo da seguinte forma:

- Entrega de material de traballo específico, para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise das actividades de recuperación resoltas polo alumnado, e solución de dúbidas.
- Probas de recuperación, similares ás non superadas na avaliación.

#### ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDIENTE:

No período que media entre a celebración da terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do curso, o alumnado con algunha avaliación pendente e que non tivese perdido o dereito á avaliación continua deberá realizar actividades de recuperación especificamente deseñadas para ese período e referidas ás partes non superadas. Para tal fin, elaborárase un informe de avaliación individualizado, no deseño do cal se terán en conta os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva.

As actividades serán valoradas mediante a realización dun exame escrito cun contido acorde ao das actividades de recuperación propostas. En tal exame gobernarán as normas contidas nesta programación no referido a criterios de cualificación.

Pola contra, o alumnado que tivese perdido o dereito á avaliación continua deberá realizar, para poder superar o módulo, a proba extraordinaria de avaliación da que se trata na alínea 6.b).

#### ALUMNADO CO MÓDULO PENDIENTE PARA O CURSO SEGUINTE :

Elaboraráselle un informe individualizado onde se especificará como recuperar o módulo.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1. O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o numero de faltas non xustificadas sexa do 10% da carga horaria total do módulo (13 sesións de cincuenta minutos), logo de seguirse os procesos de notificación establecidos na normativa reguladora do proceso de avaliación. Na xustificación das faltas, a súa aceptación será acorde co establecido nas normas de organización e funcionamento e convivencia do centro (NOFC) valorándose as circunstancias persoais e laborais do alumnado afectado.

2. Poderase non permitir a realización de determinadas actividades ao alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua, cando o estime oportuno

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final do módulo. Tal proba extraordinaria abranguerá toda a materia impartida durante o curso e poderá constar tanto de preguntas tipo test ou de verdadeiro/falso como de preguntas curtas, preguntas para desenvolver, casos ou supostos prácticos....

A data na que se celebrará a proba extraordinaria darase a coñecer ao alumnado mediante anuncio que se expoñerá no taboleiro informativo do centro existente para tal fin.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A presente programación e a propia práctica docente avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro.

Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Enquisa da avaliación docente ,que é unha auto-avaliación dos alumnos da materia sobre as actividades docente realizadas polo profesor, pasarase voluntariamente unha vez o trimestre.
- Actividades de aula desenvolvidas, faise na web, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

Ademais, na reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación mínimo mensualmente, tomando as medidas oportunas se é o caso.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades, polo tanto serve de diagnóstico de partida para o equipo docente, permitindo adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, en ningún caso permitiranse adaptacións curriculares significativas.

Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Neste módulo o procedemento para obter datos para avaliación inicial é o seguinte:

- por medio dunha presentación oral onde se expoñen os seus datos persoais e académicos, que se fai no grupo o primeiro día de clase.
- por medio das fichas do alumnado que se cobren e se rexistran no caderno do profesor .
- por medio dunha proba oral ou escrita que se fará a principios de curso para ver os coñecementos previos dos alumn@s sobre o contido do módulo

Tal proba debe tamén permitir que se detecte a existencia de alumnado que de modo significativo parte dunha situación por riba da media, co fin de poder prever a formulación para este alumnado de actuacións orientadas á excelencia.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade do alumnado que cursa o módulo, o seguimento do traballo desenvolvido individualmente por cada alumna ou alumno permitirá constatar, máis alá das dificultades para a solución axeitada dalgunha actividade concreta, os casos nos que o alumnado non estea respondendo de modo global aos obxectivos fixados na programación.

No caso de que cando se realiza a proba de avaliación inicial se detecten carencias, actuarase de modo prioritario co alumnado afectado, para que poida superar aquelas carencias básicas e así adquirir os coñecementos e destrezas que son imprescindibles para a realización das actividades programadas.

Nos demais casos, detectadas as necesidades de reforzo, actuarase tratando de facilitarlle ao alumnado que non acada os obxectivos programados a superación das actividades, mediante a proposta de tarefas que presenten un gradual incremento de dificultade na súa realización, tratando de alcanzar, cando menos, o nivel mínimo exixido.

Nun e noutro caso, haberá que valorar o avance que se produce coa aplicación das medidas de reforzo adoptadas.

Por outro lado, en relación co alumnado con especiais capacidades, tamén deberán adoptarse medidas de reforzo. Faríase, de ser o caso, mediante o deseño de tarefas especificamente orientadas á consecución dos maiores logros que as súas altas capacidades lle permiten.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Dada a súa transcendencia de cara ao desenvolvemento integral das persoas, no módulo abordárase con carácter transversal, no desenvolvemento das actividades programadas, a educación nos seguintes valores:

- Contra a violencia de xénero; e pola igualdade de dereitos entre home e muller.
- Plena integración das persoas con diversidade funcional.
- Dereitos humanos.
- Paz e non violencia.
- Dereitos do consumidor.
- Dereitos lingüísticos.
- Respecto ao medio ambiente.
- Diversidade afectivo-sexual

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Primeiros auxilios.

Obxectivo: Coñecemento práctico da actuación procedente en situacións de emerxencia.

- Visita ao Xulgado do Social de Ourense para asistir a un xuízo.

Obxectivo: Coñecemento práctico da fase final da resolución dun litixio laboral ou de seguranza social, nun xulgado do social.

-Taller de procura de emprego.

Obxectivo: mellorar o proceso de acceso ao mercado laboral.

-Visitar a unha empresa en Ourense.

Obxectivo: mellorar o proceso de acceso ao mercado laboral.

-Visita de organismos oficiais en Monforte de Lemos

Obxectivo: coñecer as competencias dos diferentes organismos oficiais.

### 10.Outros apartados

#### 10.1) Secuenciación das unidades formativas.

Considerando que resulta adecuado que o alumnado coñeza a normativa laboral no seu conxunto, pois isto permite adquirir a posesión duns coñecementos referidos a dereitos e deberes laborais que deben facilitar a correcta comprensión dos que en particular afectan á prevención de riscos laborais na empresa, decidiuse impartir en primeiro lugar a unidade formativa que trata de equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego.

#### 10.2) Presentación do módulo e avaliación inicial.

A primeira tarefa do curso consiste na presentación do módulo ao alumnado, polo que se inclúe como tarefa específica dentro da primeira actividade da unidade didáctica 1.

Tamén se inclúe como tarefa específica a realización da avaliación inicial do alumnado.